



## NOTA DE PRENSA 05.09.08: ACCIÓN CONXUNTA CONTRA OS VERTIDOS PORTUARIOS DE VIGO NA RÍA DE VILAGARCÍA:

No contexto das actividades de denuncia desenvolvidas conxuntamente pola Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) e polas Plataformas Pola Defensa das Rías de Arousa (PDRA) e Vigo (PDRV) contra da realización de vertidos de lodos portuarios procedentes do dragado do porto pesqueiro do Berbés na Ría de Arousa, entre as illas Ons e Sálvora, onte xoves tivo lugar en Pontevedra unha nova xuntanza dos colectivos de defensa ambiental das Rías Baixas na que, entre outras cousas tomaronse os seguintes acordos:

1º.- Dar a coñecer aos medios de comunicación a denuncia presentada diante do Fiscal de Delitos Medioambientais do TSXG na que se solicita a intervención da fiscalía neste particular e demandar a paralización dos citados vertidos, substituíndos pola súa inertización, confinamento e estabilización en terra nun vertedoiro que cumpra a normativa. Non se pode esquecer que estamos a falar do vertido de materiais fortemente contaminados que pola súa composición e textura provocan a suspensión de partículas finas, pouco pesadas, que permanecen sen se sedimentar durante bastante tempo e que son dispersadas e transportadas polas correntes mariñas cara ao interior das Rías, pondo en perigo os recursos pesqueiros e marisqueiros e os postos de traballo derivados da súa explotación racional.

2º.- Fixar un calendario de actividades conxuntas cara a frear a realización destes vertidos e calquera outra acción que impida o desenvolvemento sustentable das nosas Rías; neste sentido, será fundamental a participación activa dos sectores productivos, polo que se van manter unha serie de reunións que posibiliten a planificación de accións reivindicativas conxuntas nun futuro próximo. Podemos adiantar xa que, logo dunha primeira ronda de contactos en cada unha das Rías, agardamos ter unha primeira xuntanza de traballo e coordinación o vindeiro día 18 de setembro en Pontevedra, no local social da APDR.

Xa por último, queremos lembrar que estamos agardando por unha resposta da Consellería de Medio Ambiente, á que transmitimos no pasado mes de xullo as nosas preocupacións verbo dos vertidos obxecto desta comunicación e da que solicitabamos unha entrevista co Sr. Conselleiro, responsable entre outros de velar pola defensa ambiental das nosas Rías e do Parque Nacional das Illas Atlánticas, espacio natural sobre o que estes vertidos van ter unha incidencia moi negativa.

Pontevedra, 5 de setembro de 2008.

Antón Masa, Asociación Pola Defensa da Ría (Pontevedra).  
Xaquín Rubido, Plataforma Pola Defensa da Ría de Arousa.  
Eloi Piñeiro, Plataforma Pola Defensa da Ría de Vigo.